

Verdes Matas, premiado no II Salón de Viños



O viño da Ribeira Sacra Verdes Matas, da adega Pena das Donas, foi distinguido no II Salón de Viños e Augardentes de Galicia, celebrado no Palacio de Exposicións e Congressos da Coruña (Palexco), co primeiro premio de deseño. O caldo, un mencia de uva seleccionada e con cinco meses en barrica de carballo, foi destacado pola súa calidade e polo seu deseño, apartado no que recibiu o primeiro premio pola súa botella, etiqueta e encapsulado. Pena das Donas tamén produce o viño de godello Almalarga, que non presentou ao salón por estar vendida toda a súa produción. Na elaboración destes viños, a adega realiza unha exclusiva selección da uva da Ribeira Sacra e un minucioso proceso de vinificación baixo parámetros de máxima calidade para conseguir uns caldos diferentes, considerados como de alta expresión. Pena das Donas, situada na parroquia de Pombeiro de Pantón, é de recente creación e resalta por estar dotada coa última tecnoloxía para a produción de viño. A empresa está dirixida pola sociedade constituída por Jesús Vázquez Rodríguez, Fernando López Quiroga e Antonio Lombardía. Na Viñoteca La Sucursal, de Lugo, presentáronse e se cataron os viños da adega da Ribeira Sacra Pena das Donas, de Pantón, que elabora VM Verdes Matas (mencia) e Almalarga (godello). Estes dos viños serán amadrinados por a xornalista Julia Otero, natural de Monforte, na presentación oficial se celebrará o 21 de xullo de 2007 no claustro maior del colexio da Nosa Señora da Antiga (Padres Escolapios) de Monforte.